

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de ^{PONTEVEDRA}Ourense, informa o seguinte:

1º.- Que con data 11 de decembro de 1981 o Xurado provincial de montes veciñais en man común adoptou a Resolución de clasificar como tal o nomeado "Pedra Miranda e Saramagoso", da pertenza á Comunidade integrada polos veciños da parroquia de San esteve de A Canicouva.

2º.- Que con data 9 de outubro de 1995 a Comunidade de SAN ESTEVO DE A CANICOUVA solicitou a transformación do monte "Pedra Miranda e Saramagoso", Consorcio 2140, en Convenio, acompañando certificación do acordo adoptado en asemblea xeral extraordinaria do 23 de setembro de 1995.

3º.- Que a superficie total consorciada en 1940 foi de 177 Has.

4º.- Que os gastos por traballos, mailos ingresos, segundo consta na conta do consorcio, foron:

Gastos por traballos	14.187.327 Ptas.	
Ingresos, incluída a		
condonación débeda Lei 13/89	15.332.497	"
Saldo a favor do monte	1.145.170	"

Á vista de todo iso, propoñemos a V.E.:

1º.- Que se aprobe a rescisión das 177 Has. do monte "Pedra Miranda e Saramagoso", Consorcio 2140, da pertenza á Comunidade de SAN ESTEVO DE A CANICOUVA.

A restar da conta, gastos	14.187.327 Ptas.
A restar da conta, ingresos	15.332.497 "

3º.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome: Pedra Miranda e Saramagoso

Número: 3615676

Superficie: 330,5 Has.

Pertenza: San Estevo de A Canicouva.


Concello: Pontevedra.

Saldo inicial: Cero pesetas.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 1996.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo.: Plácido Baamonde López.



V.º B.º
O DIRECTOR XERAL,

Fdo.: Carlos del Álamo Jiménez.


EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

Visto o expediente de transformación do consorio 2140 do Monte Veciñal "PEDRA MIRANDA E SARAMAGOSO", DE 177 Has. nun convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e a Comunidade Veciñal de San Estevo de A Canicouva propietaria do citado monte, que afectaría as 177 Has. ditas e a 153 Has. mais ser consorciar e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra, esta Sección Xurída entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da comunidade Autónoma, ó artigo 57 do devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 1996



A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'J. T. Rocha'.

Asdo.: M^a José Tato Rocha.

**ILMO. SE DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE
NATURAL.-**

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra.

R E S O L V O:

1º.- Que se aprobe a rescisión das 177 Has do monte "Pedra Miranda e Saramagaoso", Consorcio 2140, da pertenza á Comunidade de SAN ESTEVO DE A CANICOUVA.

A restar da conta, gastos	14.187.327 Ptas.
A restar da conta, ingresos	15.332.497 Ptas.

2º.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome: Pedra Miranda e Saramagoso.
Elenco: 3615676.
Superficie: 330,5 Has.
Pertenza: San Estevo de A Canicouva.
Concello: Pontevedra.
Saldo inicial: Cero pesetas.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro, de 1996.

O CONSELLEIRO.

P.D.

O SECRETARIO



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13-12-93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E M.A.N.

C O N V E N I O

N.º	36	15676
-----	----	-------

En Santiago de Compostela, a seis de febreiro de mil novecentos noventa e seis.

R E U N I D O S

Dunha banda, D. Tomás Pérez Vidal, Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. José Parada Carballo, como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común de A CANICOUVA, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a Comunidade integrada polos veciños da parroquia da Santo Estevo de A CANICOUVA

e son os que a continuación se describen:

Denominación: "Pedra Miranda e Saramagoso"

Termo municipal: PONTEVEDRA

Provincia: PONTEVEDRA

Situación administrativa e legal: **monte veciñal enmán común**

Límites: **Parcela 1: 327 Has.**

N.: **Parroquias de Marcón e Tomeza; S: Fincas particulares; L: Termo municipal de Pontevedra; O: Termo municipal de Vilaboa**

S.: **Parcela 2: 3,5 Has..**

L.: **N, L e S : Fincas particulares; O : Termo municipal de Vilaboa**

O.:

Superficie: **330,5 Has.**

Estado forestal: **173 Has de pinus pinaster e eucaliptus.**

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan:

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:

Sen vexetación arbórea: **157,5 Has**

Servidumes:

3ª.— O chan continuará pertencendo a **Comunidade de San Estevo de A Canicouva**

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o **50** por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante **50** por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do **1** por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualizar as contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: **Elenco 2140 "Pedra Miranda e Saramagoso", de 177 Has.**

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o 30 por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o 70 por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o 15 por cento, e a comunidade propietaria, o 85 por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de 30 anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será xenere pino con algún bsoquete de frondosas segundo plans anuais de traballo

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don RAMONA CELIA FERNANDEZ ALVAREZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común da Parroquia de Canicouba do Concello de Pontevedra

2.— Que, así mesmo, figura Don Jose Parada Carballo, e Don Jesus Peña Silva, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica 29/10/99

E para que conste, expido a presente certificación a 9 de Novembro de 199 5.

Don JESUS PEÑA SILVA, Secretario de COMUNIDADE DE SANTO ESTEVO DE A CANICOUVA

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 23 setembro 1995 estando designado Don José Parada Carballo representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en A Canicouva

a trece de novembro de mil novecientos noventa e cinco.

Visto e prace,

O

O SECRETARIO,

Asdo.:

Asdo.:

D. (Presidente) CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

Pola propiedade,

O PRESIDENTE,

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO,

P/D

O CONSELLEIRO,

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13/12/93)